

---

Nº DE EXPEDIENTE 2024018693

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DOS  
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR

Contratación, mediante procedemento aberto, tramitación de urxencia, do “SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC\_DEPO)”.

*Axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas do IDAE (PROGRAMA CE OFICINAS). No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU*

---



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. CRITERIOS PARA A VALORACION TÉCNICA.....	3
2.1. Documento correspondente á proposta avaliable mediante criterios que precisen un xuízo de valor .....	3
2.2. Enumeración dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor .....	6
3. OFERTAS RECIBIDAS POLAS EMPRESAS LICITADORAS INTERESADAS .....	9
4. ANÁLISIS DAS OFERTAS EN BASE AOS CRITERIOS ESTABLECIDOS .....	9
4.1. Cumprimento dos requisitos recollidos nos pregos.....	9
4.2. Valoración técnica das ofertas .....	9
5. RESULTADO DA VALORACIÓN E CONCLUSIÓN FINAL.....	30



## 1. INTRODUCCIÓN

Achégase informe, conforme ao disposto no artigo 63.3.e) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, fundamentando a valoración técnica dos criterios de adjudicación cuantificables mediante xuízos de valor de cada unha das ofertas no relativo aos criterios avaliáveis mediante fórmulas.

Esta valoración inclúese na licitación pública no ámbito dun expediente de contratación mediante procedemento aberto, tramitación de urxencia, do “SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC\_DEPO)”, ao abeiro das axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas do IDAE (PROGRAMA CE OFICINAS). No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

## 2. CRITERIOS PARA A VALORACION TÉCNICA

### 2.1. Documento correspondente á proposta avaliábel mediante criterios que precisen un xuízo de valor

A cláusula “8. Forma, lugar e prazo de presentación de ofertas” do Prego de Cláusulas Administrativas, concretamente, no apartado d referido ao contido dos sobres, establece que, o sobre B conterá a documentación correspondente á proposta técnica avaliábel mediante criterios que precisen un xuízo de valor. Dita proposta técnica consiste en:

As ofertas deberán presentarse en formato dixital, en formato PDF e en formato editable (DOC, ODT ou outro). A oferta deberá estar paxinada e conter un índice detallado.

O formato dixital deberá presentarse coa seguinte denominación:

- Oferta\_Técnica\_.doc
- Oferta\_Técnica\_.pdf

O tipo de letra utilizado será Poppins Medium 12, excepto para os títulos, que será Poppins Medium 14 e Poppins Medium 16.



Utilizarase un entreliñado a 1,15 e o espazo entre parágrafos será de 6 puntos. A extensión máxima da proposta técnica non poderá superar as 60 páxinas (incluídos Anexos).

Durante o proceso de valoración das ofertas non se terán en conta aquelas que non presenten toda a documentación no formato indicado anteriormente.

As ofertas técnicas que presenten os licitadores deberán contemplar de maneira obrigatoria e exclusiva os seguintes puntos, e na mesma orde que os especificados a continuación. Non presentar a seguinte estrutura ou engadir algún punto ademais dos indicados poderá ser motivo de exclusión.

## 1. Índice

Deberase incluír un índice que enumere os contidos da proposta técnica que seguirá a correcta numeración das follas.

## 2. Descrición xeral da proposta.

Deberase analizar a problemática para resolver no ámbito territorial e material de actuación da OTC\_DEPO nos que se prestará ás persoas físicas, pequenas e medianas empresas, administracións locais, comunidades de montes, grupos de acción costeira, grupos de desenvolvemento rural e calquera outra entidade análoga, de modo gratuíto, os servizos de promoción, difusión e acompañamento técnico, durante un tempo determinado, para o fomento, análise e posta en marcha de Comunidades Enerxéticas.

Dentro deste apartado da oferta deberá incorporarse un resumo dos puntos máis importantes da mesma, en especial os que melloren as condicións mínimas do prego técnico e sexan máis adecuados ás instalacións obxecto de actuación e ao seu estado actual.

Así mesmo, incorporarse un organigrama xeral con detalle das actividades, accións e tarefas necesarias para a execución dos traballos nun formato comprensible onde se indique a súa priorización e programación no tempo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e organización dos traballos, con



identificación e priorización das tarefas, responsabilidades e asignación dos recursos técnicos e humanos ás mesmas, así como, o seguimento do proxecto a nivel técnico e de forma global.

### 3. Metodoloxía de traballo

Neste apartado o licitador deberá detallar, de forma clara e concisa, a metodoloxía a empregar para a realización dos traballos de:

#### 3.1. Difusión

- Xornadas de información e sensibilización.
- Xornadas informativas en polígonos industriais
- Unha xornada anual
- Un congreso de Comunidades enerxéticas

#### 3.2. Acompañamento

- Asistencia técnica presencial
- Asistencia técnica virtual

#### 3.3. Asesoramento

- Asesoramento especializado para a creación de CE
- Asesoramento en captación de fondos
- Asesoramento á Rede de apoio e ao Observatorio
- Elaboración de estudos e informes especializados.

#### 3.4. Formación

- Persoal propio de OTC\_DEPO.
- Xestores de CE de nova creación ou existentes.
- Técnicos de entidades locais.

#### 3.5. Comunicación

#### 3.6. Apoio na xustificación da axuda ante IDAE

4. Carácter innovador da proposta.

5. Potencial para a mobilización cidadá en zona urbana, rural e industrial.



6. Apoio á creación dunha cadea de valor dentro do ecosistema das Comunidades Enerxéticas.

7. Entregables e a súa descrición. Neste apartado o licitador deberá detallar os entregables que son obxecto da licitación e que se requiran no PPT, así como aqueles que esixa o IDAE.

Notas importantes:

- ✓ No caso de non seguir a estrutura ou o formato indicado, e que a forma de presentación dificulte ou provoque confusión á hora de localizar a documentación solicitada, imposibilite a comparación coas demais ofertas ou provoque vantaxes á empresa, e, polo tanto, non permita valorar a oferta de maneira clara e precisa, e respondendo o principio de igualdade na aplicación dos criterios de adxudicación, a mesa de contratación poderá excluír á mesma do proceso de licitación.

Cando non se estableza mesa de contratación, poderá excluír a oferta o órgano de contratación a proposta da/o técnico.

Non se valorarán os puntos engadidos pola/o contratista que non se adapten á estrutura da oferta indicada por este prego, ou no caso de que se establezan límites de páxinas, as partes da oferta que superen este límite.

- ✓ A entidade licitadora deberá presentar a oferta técnica respectando as normas que dispón o Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), para o que empregará unha linguaxe escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- ✓ Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.

## 2.2. Enumeración dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor

Os criterios empregados para valorar as ofertas do sobre B, que precisaron de revisión técnica para a aplicación do xuízo de valor, son os establecidos no apartado "10.1. Enumeración dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de



valor” do prego de cláusulas económicas-administrativas particulares que rexen o presente procedemento de contratación e que a continuación se expoñen nunha táboa coa ponderación que se sinala na columna da dereita:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR	MÁX. 34 PUNTOS.
1. Metodoloxía, organización e planificación das actividades, ata un máximo de 20 puntos	Máx. 20 puntos.
<p>Valorarase a metodoloxía proposta e o coñecemento que demostren as empresas licitadoras.</p> <p>En concreto, terase en conta a definición clara, detallada e concreta das liñas de actuación, accións e servizos que compoñen o alcance dos traballos para realizar; así como os compromisos adquiridos polos licitadores para alcanzar os obxectivos definidos no prego de prescricións técnicas particulares.</p> <p>Ademais, deberá incluírse unha descrición do cadro de mando en base aos indicadores descritos no mesmo, descrición, metodoloxía para o seu cálculo, unidade de medida, responsable e periodicidade para o seu seguimento, control e toma de medidas correctoras cando cumpra.</p> <p>Valorarase o detalle e xustificación da programación e fitos dos traballos que contribúa a obter unha visión pormenorizada do desenvolvemento das actuacións.</p>	
2. Carácter innovador da proposta, ata un máximo de 8 puntos.	Máx. 8 puntos.
<p>Valorarase, por unha banda, o carácter innovador da oferta referido a como promover a creación das CC.EE. máis innovadoras (por exemplo, fomentando a integración de diferentes fontes de xeración de enerxía ou a aplicación de ferramentas dixitais para a xestión das comunidades enerxéticas, entre outros aspectos innovadores) e, doutra banda, o carácter innovador das actividades propostas (por exemplo, nas funcionalidades da Plataforma software de monitorización e xestión de comunidades enerxéticas, no ámbito dos materiais para elaborar, ou no campo do coñecemento e as estratexias de comunicación e transmisión da información en materia de transición enerxética, entre outros.).</p>	
3. Potencial para a mobilización cidadá en zona urbana, rural e industrial, ata un máximo de 4 puntos.	Máx. 4 puntos.
<p>Valorarase a metodoloxía proposta polas empresas licitadoras aplicada para a posta en marcha de CC.EE. por parte da cidadanía, pemes, persoas autónomas,</p>	



organizacións sociais, entre outros actores, que garanta a maior mobilización da cidadanía e do resto de axentes.

Valorarase o detalle e adecuación das accións, medidas e medios a utilizar para que a difusión dos servizos da OTC\_DEPO e as convocatorias cheguen a todos os colectivos sinaladas anteriormente, tendo en conta, entre outras cousas, as diferentes formas que teñen eses colectivos para organizarse.

Tamén se valorará o detalle e adecuación de potencial de mobilización cidadá do programa proposto para a Xornada anual e o Congreso de Comunidades enerxéticas.

4. Apoio á creación dunha cadea de valor dentro do ecosistema das CCEE, ata un máximo de 2 puntos

Máx. 2 puntos.

Valorarase a metodoloxía aplicada para o impulso da creación de novas empresas, produtos e/os servizos que sirvan de apoio na posta en marcha e funcionamento das CCEE (por exemplo, software para a súa xestión, instalación de enerxías renovables, agregación, flexibilidade, comercio peer to peer, mobilidade compartida, entre outras.).

Para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B).





### 3. OFERTAS RECIBIDAS POLAS EMPRESAS LICITADORAS INTERESADAS

Para este contrato presentaron ofertas as empresas que a continuación se relacionan:

- ✓ UTE\_OTC\_DePo (Eficiencia Energética de Galicia S.L.U. - Valora Consultores de Gestión S.L.)
- ✓ R2M Solutions Spain S.L.
- ✓ UTE Senda (Senda Sostenible S.L. - Impact Hub S.L.U.- Creara Consultores S.L.)
- ✓ SERTOGAL, S.L.

### 4. ANÁLISIS DAS OFERTAS EN BASE AOS CRITERIOS ESTABLECIDOS

#### 4.1. Cumprimento dos requisitos recollidos nos pregos.

As ofertas presentadas polas empresas cumpren cos requisitos dos pregos que rexen a presente licitación.

Non obstante, a avaliación da oferta presentada pola UTE\_OTC\_DePo (Eficiencia Energética de Galicia S.L.U. - Valora Consultores de Gestión S.L.) foi dificultada pola estruturación do documento non axustado ao requirido no PCAP.

#### 4.2. Valoración técnica das ofertas

A continuación expone a puntuación motivada de cada unha das ofertas presentadas polas empresas:



SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)		TOTAL	11,00
EMPRESA	UTE_OTC_DePo (Eficiencia Energética de Galicia S.L.U. - Valora Consultores de Gestión S.L.)		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR		Máx. 34 puntos	
1. Metodoloxía, organización e planificación das actividades		Máx. 20 puntos	8,50
<p>1.1</p> <p>No relativo a metodoloxía proposta e coñecemento das empresas licitadoras, na oferta apréciase o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- No apartado relativo ás actividades de difusión defínese ó público obxectivo incluíndo ás persoas físicas, PEMEs, administracións locais, comunidades de montes, GAC e GDR. A metodoloxía de traballo proposta para as actividades de difusión (na páxina 23 da memoria) é idéntica as tarefas de difusión definidas no PPTP. A duración das xornadas de información e sensibilización nos concellos especificadas na oferta son definidas cunha duración de 45 minutos, sen axustarse os 60-90 minutos descritos no PPTP. Por outra, parte a desagregación das horas de traballo aparece representada adecuadamente.</li> <li>- En referencia ás actividades de acompañamento, defínese unha metodoloxía de traballo a alto nivel (na páxina 26 da memoria) moi axustada a indicada a modo orientativo no PPTP. Por outra banda, considérase positivo a identificación de consumidores vulnerable e a colaboración coa administración local.</li> <li>- No tocante ao servizo de asesoramento técnico, legal e económico, (correspondente ao punto "2.6.3 Asesoramento técnico, legal e económico", defínese a metodoloxía de traballo e as tarefas a realizar a alto nivel sen aportar un excesivo nivel de detalle (nas páxina 28 a 30 da memoria). Esta metodoloxía axústase á definida no PPTP.</li> <li>- No punto "2.6.4 Rede de comunidades enerxéticas de Pontevedra - Observatorio provincial das comunidades enerxéticas" da memoria, defínese o funcionamento da Rede de comunidades enerxéticas de Pontevedra e do</li> </ul>			



Observatorio provincial dunha maneira moi xeneralista, aportando describindo a alto nivel cal será a súa operativa e funcionamento.

- En canto aos estudos e informes son desenvoltos no punto "2.6.6 Estudos e informes". Por un lado, faise referencia a Estudos enerxéticos (análise de capacidade produtiva dunha comunidade enerxética), Estudos económico-financeiros (realización de cálculos económicos para o estudo da viabilidade financeira de cada proxecto concreto) e Informes legais e xurídicos. A continuación, enumérase un conxunto de documentos que se elaborarán en cada unha das fases (presentan unha breve descrición de cada un). Sen embargo, tal como se configuran na oferta este conxunto de documentos, poderían considerarse entregables do proxecto máis que os estudos e informes especializados requiridos no PPTP.

- Respecto a formación, é tratada no punto "2.6.5 Formación" da memoria presentada. Defínese unha proposta de temario para os cursos de formación do persoal das comunidades enerxéticas.

- Por último, a memoria tamén recolle a estratexia de comunicación (no punto "2.6.8 Comunicación") para a que se esbozan a moi alto nivel os obxectivos, público destinatario, tipo de contidos e canles de comunicación.

En resumen, neste punto da oferta axústase ao solicitado, a metodoloxía exposta é clara pero está definida a alto nivel sen afondar en detalles polo que considera que pode contribuír acadar os obxectivos definidos nos pregos.

No relativo aos compromisos adquiridos polo licitador destaca, entre outros:

- No punto 2.4 (páx. 17) faise referencia ao compromiso do equipo humano proposto para o contrato, sen detallar a dedicación de cada persoa ó contrato.

Ademais, se indica que o persoal da UTE\_OTC\_DePo contará co reforzo das amplas plantillas de Energal e Valora (aínda que non aporta maior detalle)

- En canto ó compromiso en relación aos recursos materiais, refírese a oficina móbil tan só indicando que será montada sobre un vehículo espazoso (non se indica si será eléctrico ou a dimensión. Pola contra a oferta recolle como compromiso como ferramentas para o acompañamento e o asesoramento unha cámara fotográfica, un tacómetro láser e un software de xestión enerxética; sen especificar detalles). No punto 2.3 da oferta (páx. 17) a referencia realizada sobre o "software de xestión enerxética" non aporta detalle suficiente sobre as súas funcionalidades ou principais características.

Con referencia a este aspecto non aparece ningunha outra mención na oferta.



- No eido da difusión, a oferta fai referencia a impartir charlas en cada un dos 59 nos concellos.

- Ao referirse aos estudos e informes, a oferta establece como compromiso a realización de estudos e informes previos e iniciais de cara á implementación de comunidades enerxéticas (sobre a capacidade produtivas dunha comunidade enerxética, sobre o cálculo económico financeiro para o estudo da viabilidade e apoio para a redacción de estatutos coas comunidades). Ademais se compromete a realizar unha serie de informes, publicacións, actas, entre outros documentos.

En resumo, a oferta non afonda nos compromisos de execución aínda que si recolle algún, polo que non queda plenamente garantido a capacidade da oferta para acadar os obxectivos definidos nos pregos.

1.3

En relación ao cadro de mando, recóllese na oferta do licitador unha descrición do staff sen afondar máis ao respecto dos indicadores, metodoloxía de cálculo, responsabilidades ou periodicidade de seguimento e medidas correctoras.

1.4

No aspecto da xustificación da programación e fitos dos traballos de desenvolvemento das actuacións, aparece na oferta un diagrama de Gantt básico, aparentemente desagregado en meses, cunha programación das diferentes actividades.

Neste apartado a proposta do licitador axústase de xeito notable ao solicitado nos pregos.

2. Carácter innovador da proposta

Máx. 8  
puntos

1,00

2.1

En relación ó carácter innovador da proposta referido a como promover a creación de comunidades enerxéticas máis innovadoras, na oferta apréciase de xeito transversal e xeneralista.

Polo tanto, a oferta neste apartado ter un escaso carácter innovador.

2.2

En canto ao carácter innovador das actividades propostas, na proposta non se especifica con claridade este aspecto.



Neste sentido, nas actividades non se aprecia con claridade o seu carácter innovador		
3. Potencial para a mobilización cidadán en zona urbana, rural e industrial	Máx. 4 puntos	1,50
<p>3.1</p> <p>En canto a metodoloxía proposta pola empresa para lograr a mobilización cidadá nas zonas urbanas, rurais e industriais, varias características técnicas da proposta permitirán maximizar o alcance da mobilización cidadá en zonas urbanas, rurais e industriais. Expóñense a modo de resumo no apartado “3. Potencial para mobilización cidadá en zona urbana, rural e industrial” e especificanse a alto nivel para cada un dos servizos definidos para a OTC.</p>		
<p>3.2</p> <p>Con respecto a adecuación das accións, medidas e medios a utilizar para que a difusión dos servizos cheguen os actores sociais, no apartado “2.6.8 Comunicación” apreciase unha descrición das canles a empregar sen particularizar nas diferentes formas de organizarse dos colectivos. Ademais, no punto “4. Dinamización e o empoderamento da cidadanía e resto de axentes que poidan participar nunha comunidade enerxética” faise referencia con carácter xeral e de modo extenso a un modelo de dinamización cidadá, co obxecto de sinalar as principais técnicas para fomentar a participación da cidadanía ante unha iniciativa como de crear unha comunidade enerxética sen detalle de accións concretas a implementar.</p>		
<p>3.3</p> <p>Con respecto ao detalle da adecuación de potencial de mobilización cidadá do programa proposto para a Xornada Anual e o Congreso de Comunidades Enerxéticas, na oferta recóllese unha mención, de forma xeral e a alto nivel, da tipoloxía de público e da tipoloxía de organismos e persoas relatoras. Neste punto cabe indicar que a proposta considérase moi xeneralista e axustada, sen aportar detalle suficiente das accións, medidas e medios a empregar para garantir que a difusión.</p>		
4. Apoio á creación dunha cadea de valor dentro do ecosistema das CCEE	Máx. 2 puntos	0,00



#### 4.1

En canto metodoloxía para a creación dunha cadea de valor de impulso á creación de novas empresas, produtos e servizos dentro do ecosistema das comunidades enerxéticas na oferta non se incluíu ningún apartado relacionado con este apartado.

A metodoloxía está sen esbozar polo que se considera insuficiente a proposta en relación ó solicitado nos pregos.



SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)		TOTAL	21,75
EMPRESA	R2M Solutions Spain S.L.		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR		Máx. 34 puntos	
1. Metodoloxía, organización e planificación das actividades		Máx. 20 puntos	12,00
<p>1.1</p> <p>No relativo á metodoloxía proposta e coñecemento das empresas licitadoras, na oferta destaca:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descríbese as actuacións, accións e servizos a realizar dunha maneira clara e organizada, indicando obxectivos e programación e fitos para cada unha delas. (nos puntos 3.1 a 3.6 da memoria presentada).</li> <li>-No relativo á difusión propóñense os programas de actividades para o congreso de comunidades enerxéticas, a xornada anual, as xornadas nos polígonos e as charlas informativas nos concellos.</li> <li>- En canto ao servizo de acompañamento, defínese o sistema de asistencia técnica presencial e virtual cun nivel de detalle suficiente. No referente a asistencia técnica virtual propónse unha plataforma web virtual de apoio. Propónse un horario de atención, tanto presencial como virtual, de luns a venres de 8:00 a 14:30.</li> <li>- En referencia ao servizo de asesoramento, desagregáanse adecuadamente as actividades de asesoramento especializado para a creación de comunidades enerxéticas; asesoramento en captación de fondos; asesoramento á rede de apoio e ao observatorio.</li> <li>- Os estudos e informes especializados propostos son os requiridos no PPTP e son presentados dunha forma concisa. Dentro dos informes, inclúese un estudio do modelo de negocio para a viabilidade da OTC sen axudas públicas.</li> <li>- Propónse unha metodoloxía de monitorización da enerxía comunitaria producida e un servizo de seguimento.</li> <li>- Respecto á formación, faise unha descrición da programación de formación do persoal propio da OTC. Por contra, a descrición das actividades de</li> </ul>			



formación dos xestores de Comunidades Enerxéticas e dos técnicos das Entidades Locales é exigua.

- Por último, na estratexia de comunicación definindo inclúe de maneira sintética os obxectivos, audiencia obxectivo e canles de comunicación; indicando diferentes redes sociais e medios de comunicación concretos. Tamén se observa que existe unha proposta de materiais de difusión e comunicación.

Tamén se aporta unha relación de entregables, definido en base a fitos e datas.

En resumen, neste punto da oferta destaca o nivel de definición, claridade, detalle e concreción dos servizos que garanten acadar os obxectivos definidos nos pregos.

## 1.2

No relativo aos compromisos adquiridos polo licitador cabe comentar, entre outras cuestións:

- En relación ao equipo de traballo, o compromiso adquirido polo licitador na proposta realizada é ambigua.

Por unha banda, no anexo de compromiso de adscrición de medios a empresa declara dunha forma pouco precisa que "se compromete a adscribir os medios persoais e materiais suficientes para a execución do contrato."

Na páxina 8 da memoria presentada figura que a empresa "contratará persoal específico para a atención exclusiva da oficina en Barro, asegurando así un servizo dedicado e focalizado nas necesidades particulares dos usuarios".

Na memoria, na páxina 51 figura que "o equipo humano da oficina representa 3 persoas a tempo completo por 15 meses".

Para finalizar dicir que os perfiles aparecidos nas páxinas 22 e 23 da memoria no coinciden co requirido no PCAP.

- No eido da difusión, destaca na oferta o compromiso de realizar mais de unha charla de información e difusión en aqueles concellos.

- Ao referirse ao Servizo de asesoramento, R2M oferta un total de 60 horas para cada unha das seguintes temáticas: técnica, administrativa, social, económica e xurídica (o que fai un total de 300 horas). O número de horas de cada temática poderán ser intercambiabes entre temáticas se as circunstancias o aconsellan. Na oferta tamén fan referencia a externos que apoiarán ao persoal interno.





- No caso do servizo de asesoramento na captación de fondos, a oferta recolle como obxectivo tramitar 3 axudas do programa CE-Implementa do IDAE, 10 axudas non competitivas e 3 competitivas.

- En canto aos estudos e informes especializados, destaca na oferta o compromiso de desenvolver unha ferramenta web interactiva para visualizar o potencial fotovoltaico de cada cuberta na cidade.

En resumo, o nivel de compromisos da oferta é moi axustado ao requirido, considerándose dificultoso acadar os obxectivos definidos nos pregos.

### 1.3

Na oferta do licitador o cadro de mando céntrase no seguimento e avaliación dunha serie de indicadores chave para medir o progreso e a efectividade das accións levadas a cabo pola OTC\_DEPO. Cada indicador acompáñase dunha descrición, especificando a súa metodoloxía de cálculo, unidade de medida, responsable do seu seguimento e a periodicidade coa que se realizará devandito seguimento. Ademais, inclúense medidas correctoras suxeridas para abordar posibles desviacións ou áreas de mellora identificadas.

### 1.4

Na oferta tamén se recolle o detalle, a xustificación e a programación dos fitos en cada un das tarefas das actividades descritas na memoria.

Neste apartado a proposta do licitador axústase de xeito sobresaínte ao solicitado nos pregos.

## 2. Carácter innovador da proposta

Máx. 8  
puntos

5,00

### 2.1

En relación ó carácter innovador da proposta referido a como promover a creación de comunidades enerxéticas máis innovadoras, na páxina 53 da memoria propónse usar as funcionalidades de Google Workspace como ferramentas de produtividade na nube que inclúe correo electrónico empresarial (Gmail), almacenamento na nube (Google Drive), calendario compartido (Google Calendar), videoconferencias (Google Meet) e aplicacións de edición colaborativa de documentos (Google Docs, Sheets e Slides). Tamén a implementación de ferramentas en comunidades constituídas sen concretar os detalles.



Na páxina 26 da memoria, dentro do punto de asesoramento á rede de apoio ao observatorio, propónse unha aplicación de emparellamento entre promotores, inversores e administración pública similar os grupos de Telegram.

Polo tanto, a oferta neste apartado ter un notable carácter innovador.

2.2

Na páxina 51 da memoria propónse a adaptación e integración de diferentes plataformas dixitais de xestión, eco formación e control existentes

En canto ao carácter innovador das actividades propostas, na proposta iníciase a integración e adaptación de plataformas dixitais de última xeración e a integración con redes de aprendizaxe e coñecemento.

Neste sentido, as actividades destacan notablemente polo seu carácter innovador.

3. Potencial para a mobilización cidadán en zona urbana, rural e industrial

Máx. 4  
puntos

3,00

3.1

En canto a metodoloxía proposta pola empresa para lograr a mobilización cidadá nas zonas urbanas, rurais e industriais, a oferta no apartado 5, na páxina 55, propón principios clave para a posta en marcha das Comunidades Enerxéticas, como son a figura do mentor-xestor, os embaixadores da OTC e a participación activa, entre outros.

3.2

No apartado 5 da memoria, nas páxinas 55 e 56 aparecen definidas accións, medidas e medios que promoven a chegada dos servizos da OTC aos diferentes colectivos.

3.3

Na memoria presentada aparecen descritas tanto a xornada anual como o Congreso de Comunidades enerxéticas, indicándose obxectivos e programación.

Neste punto cabe indicar que a proposta adecúase notablemente ao necesario para lograr a mobilización cidadá.

4. Apoio á creación dunha cadea de valor dentro do ecosistema das CCEE

Máx. 2  
puntos

1,75



#### 4.1

En canto metodoloxía para a creación dunha cadea de valor de impulso á creación de novas empresas, produtos e servizos dentro do ecosistema das comunidades enerxéticas na oferta propónse a realización de encontros colaborativos multidisciplinares (Hackathoon) para a resolución o mellora de solucións aplicadas as Comunidades Enerxéticas.

Ademais, sinálase que o desenvolvemento da plataforma de monitorización de la enerxía das Comunidades Enerxéticas servirá para rexistrar e compartira as necesidades das Comunidades Enerxéticas e así impulsar a creación de novas empresas e servizos.

A metodoloxía proposta é adecuada en relación ao solicitado nos pregos.



SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)		TOTAL	18,50
EMPRESA	UTE Senda (Senda Sostenible S.L. - Impact Hub S.L.U.-Creara Consultores S.L.)		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR		Máx. 34 puntos	
1. Metodoloxía, organización e planificación das actividades		Máx. 20 puntos	8,00
<p>1.1</p> <p>No relativo á metodoloxía proposta e o coñecemento das empresas licitadoras, na oferta destaca:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descríbese as actuacións, accións e servizos a realizar dunha maneira detallada.</li> <li>- En referencia á difusión, na oferta prográmanse actividades para o Congreso de comunidades enerxéticas, xornada anual, xornadas de polígonos e as charlas informativas nos concellos. A difusión está desagregada en fases e apórtase unha proposta de relatores nas xornadas anuais.</li> <li>-Para o servizo de acompañamento, defínese o sistema de asistencia técnica presencial e virtual. O detalle das actuacións é adecuado. Propónse o sistema web adaptado os dispositivos móbiles, con criterios de accesibilidade e en galego e castelán como ven definido no PPTP. Tanto a oficina física como a virtual terán un horario de atención ao público de luns a venres, de 9:00 a 15:00 horas.</li> <li>-Con referencia o asesoramento desagregáanse con detalle as actividades de asesoramento especializado para a creación de comunidades enerxéticas; asesoramento en captación de fondos; asesoramento á rede de apoio e ao observatorio; e a elaboración de estudos e informes especializados. Descríbense as fases de desenvolvemento do observatorio provincial. Os estudos e informes a realizar son descritos de forma clara.</li> <li>-Respecto a formación, faise unha descrición suficiente da programación de formación do persoal propio da OTC. A descrición das actividades de</li> </ul>			



formación dos xestores de comunidades enerxéticas e dos técnicos das Entidades Locais é concisa pero suficiente.

-A estratexia de comunicación defínese por obxectivos, público obxectivo e canles de comunicación, indicando diferentes redes sociais e medios de comunicación concretos. A descrición é concisa.

- En canto aos entregables, relaciónanse sen indicar datas de entrega.

En resumen, destaca o nivel de claridade e concreción dos servizos da OTC\_DePO que garanten acadar os obxectivos definidos nos pregos

## 1.2

No relativo aos compromisos adquiridos polo licitador indicar, entre outros:

- En relación ao equipo de traballo, o compromiso adquirido polo licitador na proposta realizada é moi axustado, xa que indica que 2 asesores se dedicarán ó acompañamento, á formación e á difusión no día a día da OTC con apoios da persoa especialista en Marketing e da persoa especialista en aspectos xurídicos.

O asesoramento especializado será realizado por consultores das empresas licitadoras Senda Sostible e Creara Consultores, a razón de 150 horas totais de asistencia en cada unha das temáticas (técnico-administrativa, xurídica, económico-financeira e social).

Se comprometen a dedicar 600 horas para o asesoramento en captación de fondos.

O apoio a xustificación das axudas será liderado polo responsable do proxecto. Sen embargo, non se aporta detalle suficiente sobre os perfís propostos.

- En canto o compromiso en relación aos recursos materiais, indícase que oficina móbil itinerante será unha furgoneta tipo Ford E-Transit Custom 100% eléctrica (non se especifica o tamaño) coas ferramentas necesarias e capacidade de mobilidade, e estará equipada con instalacións eléctricas, illamento térmico e sonoro, mobiliario fixo e portátil, e outros elementos para o seu uso como oficina sen entrar en maior detalle.

Neste punto a oferta considérase moi axustada ao solicitado debido ao seu carácter xeneralista, apreciándose certo risco de incumprimento dos obxectivos definidos nos pregos.



1.3 Na memoria non aparece unha indicación clara do cadro de mando.		
1.4 Non aparece unha planificación do proxecto con diagramas de Gantt nin fitos do proxecto. Por contra, a xustificación de actividades é adecuada. Neste apartado a proposta do licitador axústase de xeito insuficiente ao solicitado nos pregos.		
2. Carácter innovador da proposta	Máx. 8 puntos	6,50
2.1 En relación ó carácter innovador da proposta referido a como promover a creación de comunidades enerxéticas máis innovadoras, a proposta do licitador inclúe no punto "4. Carácter innovador da proposta", accións concretas de innovación como o uso de enerxías alternativas e innovadoras como a Airborne Wind Energy ou a Enerxía Intelixente. Indícase que nos proxectos de xeración das comunidades enerxéticas se fomentarán os diferentes tipos de enerxías renovables así como o almacenamento en baterías e os puntos de recarga. Tamén se propón o uso de software que empodere aos cidadáns e socios da CE para tomar decisións sobre os seus consumos enerxéticos. Por último, indícase que se fomentará a idea de poñer a disposición dos membros unha serie de ferramentas que facilitarán o día a día da CE e a relación entre esta mesma e os seus membros . Polo tanto, a oferta neste apartado ter un alto carácter innovador.		
2.2 En canto ao carácter innovador das actividades, na proposta recóllese o uso dunha aplicación móbil que mostre información dos usuarios da comunidade enerxética así como recomendacións para a súa xestión, entre outras actividades. Neste sentido, as actividades destacan notablemente polo seu carácter innovador.		
3. Potencial para a mobilización cidadán en zona urbana, rural e industrial	Máx. 4 puntos	2,00
3.1 En canto a metodoloxía proposta pola empresa para lograr a mobilización		



cidadá nas zonas urbanas, rurais e industriais, ten como obxectivo xerar unha masa crítica de mobilización cidadá que permita a diversos actores da sociedade civil aliñar os seus obxectivos cos da OTC. Dentro desta metodoloxía, descríbese a figura do embaixador e do liderazgo e propónse unha segmentación de estratexias de mobilización para diferentes colectivos.

### 3.2

Como accións, medidas e medios propónse na oferta unha relación de medidas concretas no ámbito rural co mesmo esquema da segmentación realizada dos diferentes colectivos.

### 3.3

Por último, indicar que na oferta se realiza unha descrición a alto nivel do potencial de mobilización cidadán dos evento (Xornada anual e o Congreso de Comunidades Enerxéticas).

Neste punto cabe indicar que a proposta está minimamente detallada e adecúase ao necesario para lograr a mobilización cidadá.

4. Apoio á creación dunha cadea de valor dentro do ecosistema das CCEE

Máx. 2  
puntos

2,00

### 4.1

En canto metodoloxía para a creación dunha cadea de valor de impulso á creación de novas empresas, produtos e servizos dentro do ecosistema das comunidades enerxéticas na oferta propónse diferentes medios de posicionamento da provincia como referente en CEL, a creación de redes de apoio e o desenvolvemento dun ecosistema de partners locais.

A metodoloxía de implementación das estratexias permitirá crear unha cadea de valor sólida e diversa dentro do ecosistema das CCEE na provincia de Pontevedra, cumprindo co solicitado nos pregos.



SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)		TOTAL	28,75
EMPRESA	SERTO GAL, S.L.		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR		Máx. 34 puntos	
1. Metodoloxía, organización e planificación das actividades		Máx. 20 puntos	17,75
<p>1.1</p> <p>En relación á metodoloxía proposta e o coñecemento das empresas licitadoras, na oferta presentada destaca:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preséntase unha planificación mediante un diagrama de Gantt básico.</li> <li>- Nos puntos 2.1 a 2.6 da oferta descríbese as actuacións, accións e servizos a realizar dunha maneira detallada, clara e concreta.</li> <li>- No relativo á difusión, na páxina 18 da oferta preséntase un programa tipo para as xornadas anuais; e na páxina 21 preséntase un programa tipo do Congreso anual de comunidades enerxéticas.</li> </ul> <p>Ademais, a información referente ás xornadas nos polígonos industriais é concisa. Presentase unha descrición das tarefas nas sesións de información e sensibilización nos concellos (páxina 16) practicamente idéntica a definida polo PPTP.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- En referencia ao servizo de acompañamento, defínese unhas tarefas (páxina 23) idénticas as definidas no PPTP e detállase a asistencia técnica presencial e virtual. Proponse contidos da web e os canais de difusión da información.</li> </ul> <p>Así mesmo, defínese o servizo de asesoramento na captación de fondos e os servizos a prestar para a rede de apoio ao observatorio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con referencia ao servizo de asesoramento, desagregase a metodoloxía definindo as fases de análise inicial, constitución, desenvolvemento do proxecto, explotación. Proponse que o asesoramento técnico sexa realizado nas sesións presenciais nas comunidades e o legal e económico desde a sede física preferentemente desde a OTC. Tamén se indica que as consultas poderán realizarse a través do teléfono, do correo electrónico ou ben a través do chat cun horario de atención de 6 horas diarias de luns a venres laborables</li> </ul>			





- En canto ao observatorio das comunidades enerxéticas propónse unha monitorización das comunidades enerxéticas e de cada socio en particular.

- Os informes propostos están moi detallados e son: de identificación do dominio de análise; de identificación de factores e límites; de análise técnico-ambiental-territorial; de recursos renovábeis; e de cuantificación de potencial. Cítanse outros informes que poderían realizarse en función do tempo dispoñible como incentivos por parte da administración local para o impulso de CE nos municipios da provincia; de modelo de negocio para a viabilidade económica da OTC sen axudas públicas post 2025; e de modelo de ordenanza para bonificación del IBI para proxectos de comunidades enerxéticas.

O informe de modelo de negocio é requirido no PPTP e non é opcional.

-Respecto a formación, faise unha descrición breve da programación de formación do persoal propio da OTC, dos responsábeis das Comunidades Enerxéticas de nova creación, e dos técnicos das entidades locais. O contido dos cursos de responsables de Comunidades Enerxéticas e dos técnicos das entidades locais é practicamente idéntico o definido no PPTP sen aportacións adicionais.

-Por último, na estratexia de comunicación defínense obxectivos, público obxectivo, e canles de comunicación detallando propósitos, mensaxes claves, canles de comunicación, plans de acción e de seguimento. En canto aos entregables, na oferta indicase que a documentación completa do proxecto se entregará en papel e unha copia en formato dixital con arquivos tanto en formato aberto e editable, e crearase un directorio na nube con toda a información para que teña acceso a Deputación, a documentación presentarase en galego e castelán.

En resúmen, neste punto da oferta destaca o nivel de definición, claridade, detalle e concreción dos servizos que garanten acadar os obxectivos definidos nos pregos.

## 1.2

No relativo os compromisos adquiridos polo licitador destaca, entre outros:

- Para cada un dos 2 asesores técnicos en enerxía así como para o asesor xurídico comprométese dedicación plena de 2688 horas ao ano por persoa. Ademais para o asesor de Marketing comprométese unha dedicación parcial de 1344 horas ao ano.



- Unha maior porcentaxe de tempo dedicado por parte do responsable de proxecto en relación ao solicitado PCAP. Ademais, que se completa o equipo mínimo con máis de 30 profesionais dispoñibles en plantilla (aínda que non aporta maior detalle).

- En canto o compromiso en relación aos recursos materiais, destaca os elementos a instalar no furgón eléctrico de dimensión L2H2 proposto que entre outros inclúe un sistema de iluminación LED, un sistema de ventilación e climatización e un sistema de seguridade e vixilancia.

- No eido da difusión, destaca na oferta o compromiso de realizar mais de unha charla de información e difusión en aqueles concellos con moito tecido asociativo ou comunidades de montes. Tamén se recolle na proposta o compromiso de contactar a toda as empresas e asociación empresariais dos polígonos industriais.

- Ao referirse ao Servizo de asesoramento, a oferta establece como compromiso 5000 horas de asesoramento técnico (presenciais coas comunidades empregando a oficina móbil), 2150 horas de asesoramento xurídico (desde a sede física da OTC ou desprazándose ás comunidades) e 1000 horas de asesoramento económico/social. Tamén se comprometen a elaboración de guías de trámites, manuais e documentos para cada temática.

- No plan de contidos da web da OTC\_DEPO destaca co calendario de contidos, no que se indica o compromiso de periodicidade da publicación de artigos de blog, publicación para redes sociais e vídeos. Ademais o compromiso abarca a creación de títulos, meta descrición e etiquetas que melloren o posicionamento SEO.

En resumen, a oferta destaca polo nivel e concreción de compromisos de execución que garanten acadar os obxectivos definidos nos pregos.

### 1.3

Na memoria aparece unha indicación do cadro de mando con moderado nivel de detalle. Bótase en falta afondar no seu seguimento así como a unha maior definición das medidas correctoras.

### 1.4

Na oferta aportase un cronograma con fitos.

Neste apartado a proposta do licitador axústase ao solicitado nos pregos.



2. Carácter innovador da proposta	Máx. 8 puntos	6,50
<p>2.1</p> <p>En relación ó carácter innovador da proposta referido a como promover a creación de comunidades enerxéticas máis innovadoras, esta proposta destaca pola integración de diversas fontes de xeración de enerxía. Ademais, promove ferramentas dixitais para a xestión de comunidades enerxéticas, empregándose unha Plataforma Software de desenvolvemento propio e específico para o seguimento e xestión das comunidades enerxéticas que permitirá monitorizar o consumo e a produción de enerxía en tempo real. Polo tanto, a oferta neste apartado ter un moderado carácter innovador.</p>		
<p>2.2</p> <p>En canto ao carácter innovador das actividades propostas, na proposta recóllese que a recompilación de datos sobre proxectos de Comunidades de Consumidores de Enerxía (CE) na área local farase mediante a implementación dun sistema avanzado de intelixencia artificial (IA). Adicionalmente, crearase un mapa interactivo en liña que exhibirá de maneira comprensible e fácil de usar todas as iniciativas activas na localidade</p> <p>Por último, nas estratexias de comunicación inclúense talleres, charlas e eventos para educar aos cidadáns sobre as vantaxes das enerxías limpas, campañas en redes sociais e sitios web para difundir información relevante, e mesmo colaboración con escolas e organizacións locais para crear conciencia desde temperá idade.</p> <p>Neste sentido, as actividades destacan notablemente polo seu carácter innovador.</p>		
3. Potencial para a mobilización cidadán en zona urbana, rural e industrial	Máx. 4 puntos	3,00
<p>3.1</p> <p>En canto a metodoloxía proposta pola empresa para lograr a mobilización cidadá nas zonas urbanas, rurais e industriais, a oferta considera varios aspectos de carácter xeral a ter en conta, como fomentar a participación activa da cidadanía na OTC e xerar conciencia de pertenza á comunidade.</p>		



### 3.2

Como accións, medidas e medios propónse na oferta, empregar estratexias de comunicación efectivas para chegar a diferentes segmentos da poboación (redes sociais, boletíns informativos, sitios web e medios locais) adaptando a mensaxe segundo o contexto urbano, rural ou industrial) para que sexa relevante e atractivo, realizar campañas de sensibilización sobre a importancia da transición enerxética e a participación cidadá na OTC, integrar ferramentas dixitais para facilitar a participación e a mobilización (plataformas en liña para compartir información, propostas e proxectos; aplicacións móbiles para recibir notificacións, participar en enquisas e acceder a recursos; xeolocalización para identificar áreas específicas de acción en zonas urbanas, rurais e industriais; alianzas con organizacións locais, empresas, institucións educativas e outros actores relevantes; crear redes de colaboración entre comunidades rurais e empresas industriais para proxectos conxuntos; capacitar aos cidadáns en temas enerxéticos, sustentabilidade e xestión comunitaria.

### 3.3

Por derradeiro, indicar que no apartado 2.1 da memoria, na páxina 17, faise unha descrición da Xornada anual cunha proposta de programa tipo e tarefas previas con detalle suficiente. Así mesmo, e tamén no apartado 2.1 da memoria, na páxina 20, faise unha descrición do Congreso de Comunidades Enerxéticas cunha proposta de programa tipo e tarefas previas con detalle suficiente.

Neste punto cabe indicar que a proposta adecúase ao necesario para lograr a mobilización cidadá.

4. Apoio á creación dunha cadea de valor dentro do ecosistema das CCEE

Máx. 2  
puntos

1,50

### 4.1

En canto metodoloxía para a creación dunha cadea de valor de impulso á creación de novas empresas, produtos e servizos dentro do ecosistema das comunidades enerxéticas na oferta propónse diferentes accións tales como eventos, talleres, networking e competencias específicas para o desenvolvemento de solucións sostibles e tecnoloxías limpas, utilizar medios



de comunicación e redes sociais para difundir oportunidades e logros, establecer espazos de colaboración (coworking), proporcionarse información actualizada sobre subvencións, préstamos e financiamento específico para proxectos enerxéticos, programas de formación en emprendemento, xestión empresarial e tecnoloxías limpas,

Doutra banda, e no mesmo contexto de apoio á cadea de valor, buscarase impulsar proxectos piloto de comunidades enerxéticas que demostren a viabilidade e o potencial da cadea de valor.

A metodoloxía está esboza sen entrar en detalle, polo que se considera moi axustada en relación ao solicitado nos pregos.



## 5. RESULTADO DA VALORACIÓN E CONCLUSIÓN FINAL

Segundo se indica no prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen a esta contratación, no seu apartado “10.1. Enumeración dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor”, para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B).

Preséntase a continuación, as puntuacións acadadas polas ofertas presentadas que se amosan no cadro resumo:

TÁBOA RESUMO DE CRITERIOS AVALIADOS MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR					
SERVIZO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)		UTE_OTC _DePo	R2M Solutions Spain S.L.	UTE Senda	SERTO GAL, S.L.
<b>Criterios</b>	<b>Puntos = 34</b>	<b>11,00</b>	<b>21,75</b>	<b>18,50</b>	<b>28,75</b>
1. Metodoloxía, organización e planificación das actividades	Máx 20 puntos	8,50	12,00	8,00	17,75
2. Carácter innovador da proposta	Máx 8 puntos	1,00	5,00	6,50	6,50
3. Potencial para a mobilización cidadán en zona urbana, rural e industrial	Máx 4 puntos	1,50	3,00	2,00	3,00
4. Apoio á creación dunha cadea de valor dentro do ecosistema das CCEE	Máx 2 puntos	0,00	1,75	2,00	1,50

Cabe destacar, a continuación, que a UTE\_OTC\_DePo (Eficiencia Energética de Galicia S.L.U. - Valora Consultores de Gestión S.L.) non acadou o mínimo do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B) para continuar no proceso selectivo.



A empresa que obtivo unha maior puntuación en relación aos criterios avaliados mediante un xuízo de valor é SERTOGAL, S.L. con un total de 28,75 puntos.

En base ao anterior, EMÍTESE o presente informe aos efectos oportunos e PROPONSE que se traslade aos servizos correspondentes aos efectos da continuación da tramitación do procedemento.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

**Marina Piñeiro Novo**

Xefa do servizo de Cooperación cos  
municipios

**Jose Antonio Piñeiro Sineiro**

Técnico medio do servizo de  
Cooperación cos municipios

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

páx.: 31

